

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA CUMPRIR OS ACORDOS ORZAMENTARIOS EN RELACIÓN COA PRAZA VELLA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para cumprir os acordos orzamentarios en relación coa Praza Vella.

Exposición de motivos

Ferrol Vello foi durante moitos anos un dos barrios máis castigados pola despoboación e o abandono, vendo coma as súas casas quedaban en ruínas e as rúas eran menos transitadas pola veciñanza. Sen embargo, esta situación estase a reverter e diferentes administracións públicas están a investir neste barrio senlleiro que tanto o precisaba.

Logo do impulso que se lle deu a Ferrol Vello co desenvolvemento de diferentes proxectos durante o noso mandato, coma as reurbanizacións das rúas Manuel Comellas e Carme Curuxeiras ou Espartero e San Francisco que están agora en execución, a Praza Vella era o seguinte obxectivo para acompañar a rehabilitación que se está a realizar no barrio e facer de Ferrol Vello un lugar onde as persoas sintáanse a gusto, polo que consideramos este proxecto coma clave da rehabilitación deste barrio.

A remodelación da Praza Vella é unha necesidade e unha reivindicación dos veciños e veciñas do barrio ademais da propia mocidade que xoga nela. Vimos de ver coma se mellorou o parque infantil pero esta actuación quédase corta, pois o que realmente

precísase é unha intervención integral, coma punto central da rehabilitación do barrio e tal e coma recolle o acordo de orzamentos que foi asinado entre este grupo municipal e o goberno da cidade.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno local a cumprir o acordo de orzamentos asinado con FeC e desenvolver o proxecto de rehabilitación integral da Praza Vella.

Ferrol, 17 de febreiro de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común